

# Os bosques de ribeira

## conservan a riqueza dos nosos ríos

Versión en castellano por la otra cara

Nas ribeiras do Anllóns medra unha estreita banda de árbores que forma os bosques de ribeira. Cumpren un papel ecolóxico fundamental para axudar a conservar os nosos ríos e a súa diversa flora e fauna.

Estes bosques tamén diversifican a paisaxe, ofrécennos distintos aproveitamentos e servizos, filtran as augas contaminantes e forman un corredor natural que facilita a dispersión das especies.

### Moita vida: grandes, pequenos e todos necesarios

No río existe moita diversidade de vida, interrelacionada e sustentada polo bosque de ribeira. Todas estas especies teñen unha importante función no ecosistema, asegurando o seu equilibrio.

#### Ameneiro (*Alnus glutinosa*)

■ As súas raíces están en contacto coa auga e cumpren un papel de grande importancia na fixación das ribeiras dos ríos, pois evitan a súa erosión nas enchentes.



#### Menta de auga (*Mentha aquatica*)

■ A menta de auga ole moi ben. Emprégase en infusión para facilitar a dixestión e alivia as picaduras das estrugas.

#### Abeleira (*Corylus avellana*)

■ As follas e os froitos convértense en refuxio e en alimento enerxético para unha grande diversidade de animais.



#### Lontra (*Lutra lutra*)

■ A presenza da lontra é un claro indicador da boa saúde do río, pois leva a cabo unha función de saneamento das comunidades piscícolas.

#### Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*)

■ Este paxaro camiña polo fondo do leito do río, en busca dos invertebrados (larvas de efémeras, libeliñas...) que constitúen o seu alimento.



#### Reo (*Salmo trutta trutta*)

■ O reo, ou tróita mariña, aliméntase de insectos acuáticos, migra ao mar e volve ao río a reproducirse. Actualmente é moi escaso ¿Sabes por que?

#### Zapateiro (*Gerris spp.*)

■ Os pelos aceitosos das súas patas permítenlle “patinar” sobre a superficie da auga na busca de insectos para alimentarse.



### Intrusos no río

A introdución de especies exóticas como o visón americano, a carpa vermella ou o cangrexo americano ameaza a diversidade de vida dos nosos ríos



#### Visón americano (*Mustela vison*)

Tira o lixo nos colectores, aforra e non contamines a auga, e axudarás a conservar o río